



Estimadas Familias:

Somos un grupo de pais e nais comprometidos coa educación dos nosos fillos e fillas en particular, e coa mellora da comunidade educativa en xeral. Temos que ser conscientes de que as familias somos un membro máis da comunidade educativa, xunto co alumnado e o profesorado. Onoso interese ao formar o ANPA é sobre todo e en primeiro lugar a educación dos nosos fillos e fillas, en colaboración permanente co profesorado e co Equipo Directivo do Centro.

Aceptamos o reto de asumir a dirección da ANPA e podémosvos asegurar que é un proxecto apaixonante e marabilloso. Non hai nada mellor que traballar polo ben dos nosos fillos/as. A participación é voluntaria, e por iso, animamos a todas as familias a asociarse, xa que cantas máis sexamos mellor será para os nosos fillos, para a Asociación e para o colexio.

Podedes contactar connosco en calquera momento a través do noso telefono: 604.00.56.59 e do correo electrónico: [anpa.lestonnac@gmail.com](mailto:anpa.lestonnac@gmail.com). Ademais dispoñemos dunha caixa de correos de suxestións situado na portería do colexio, á que todas as familias podédesvos achegar para transmitirnos as inquietudes e suxestións que teñades. Tamén vos invitamos a seguirmos en redes sociais, Facebook (ANPAlestonnac) e Instagram (Anpacolexiolestonnac).

Aproveitamos para indicaros que o horario de atención presencial no local do ANPA durante o curso será o seguinte: **Mércores de 16:15 a 17:15.**

Animámosvos a que vos asociades para que poidades participar activamente na mellora da calidade educativa dos vosos fillos e fillas e do centro. **A cota anual por familia para o curso 2022-2023 baixa a 20€**, independentemente do número de fillos matriculados. Todas as familias que xa eran socias en cursos anteriores deberán volver a cubrir a solicitude de inscrición que se adxunta ó final para ser novo socio do ANPA. Para o abono da cota tedes 3 opcións:

- 1- O abono en man no local do ANPA no noso horario de atención a os socios (rogase importe exacto para evitar problemas de cambio).
- 2- TRASNFERENCIA BANCARIA ó seguinte nº de conta: **ES66 2080 0222 8030 00006653**. É preciso indicar no ordenante - pagador o nome do socio e enviar ó noso correo o xustificante do ingreso xunto coa solicitude de inscrición.
- 3- A última e a que o ANPA desexa, sería domiciliar o recibo. Tedes os impresos de domiciliación bancaria no local da ANPA e tamén podedes envialo por correo electrónico e aceptamos que o devolvades cuberto ao noso correo.

Coa ilusión e o traballo de todos e todas, seguro que podemos gozar aínda máis desta tarefa tan apaixonante de ser pais e nais.

Tamén queremos saudar nestas liñas ao equipo directivo do centro, co que sempre nos ofrecemos a colaborar na tarefa que se lles encomendou.

Un saúdo.

A Xunta Directiva

.....

**Datos Pai/Nai/Titor:**

Nome e apelidos da nai : .....

DNI : ..... email: .....

Nome e apelidos da pai : .....

DNI : ..... email: .....

Teléfonos de contacto : .....

**Datos dos alumn@s :**

Alumn@ 1 : Nome: ..... Curso: .....

Alumn@ 2 : Nome: ..... Curso: .....

Alumn@ 3 : Nome: ..... Curso: .....

Firma da Nai

Firma do Pai